

## *Lares do Val Miñor “escolma”*

---

**SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO**

*Neste apartado “O meu Val de Miñor” presentamos hoxe unha escolma da poeta Soledad García Riveiro que, unha vez trasladado o seu domicilio ao concello de Nigrán, quixo poñer en poemas os seus sentimentos ante a nova paisaxe. Pertencen ao seu libro inédito Lares do Val Miñor.*

## MONTE LOURIDO

Montelourido galopa nun día gris  
onde ningún sol brilla no ar  
onde o vento entorpece o voo das gaivotas  
onde o mar se eleva claudicado de azarosa tormenta  
pero en cada unha das súas ondas  
da súa coraxe  
lanza ao meu corazón  
o impulso da lúa  
tan tenue e esculpida hoxe, que  
con borboriñante son me acomoda  
na noite  
sobre a almofada  
con escintileo de luz e pólvora  
a mesma pólvora que atiza a marea.

## XACIA DE ABRIL

Xacia de abril  
Nada no Galiñeiro  
semella amábel o canto desta xacia  
branco, livián  
semella escoitado  
arroupado por un abril que segue a prol da auga  
ao seu paso  
con aire de romanza  
un remuíño resoa con aliteración

baten no seu corpo ondas  
son só pequenos lugares  
refachos onde os centra o nada.

## FIGUEIRA DOS AMANTES, EN BAIONA

Abaixo o mar  
enriba a muralla

é setembro  
a mañá adormece nun cálido branco  
entre fíos de sedela

ela silencia a choiva  
bocexa tímida para os seus beizos  
está sedenta

el espernexa todo o seu corpo  
brinca introvertido e silandeiro  
quere enchouparse do seu leite  
do seu látex que tradea

descoñece das brincas o cuarto  
mais anhela dos amoríos no ar  
que fenden co tempo

é marzo  
a escuridade tinguiu a area  
a mañá espreguiza cuberta de béveras

Abaixo segue o mar  
enriba a muralla

---

## FLORECE O CORAZÓN

O amor é unha xanela con vistas a ti  
unha razón para a loucura  
unha guerra silente plena de treguas baleiras.

Ti es o meu espello  
se ti choras, eu estou triste  
se ris, son o ceo  
se me ignoras, deixo de existir.

Ti chámame a filas da vida.  
Ti estírasme e fasme relativa  
a miña orixe de coordenadas  
a miña derivada constante  
o diferencial de todas as miñas ecuacións es ti  
e tan só ti  
sesión golfa do meu espírito  
levarasme ó paraíso.

Para ti serei o máis pequeno  
o cotián  
o monótono son constante  
do que non se percibe pero sempre está.

Eu  
eu quedarei contenta coa túa mañá  
co espertar desta terra, chamándome  
miñorana!

## OS VENTOS

Temos que roubar os ventos  
que gaban a serra da Groba  
que dan volta no Cortelliño  
e acariñan os dedos coa pedra do pescador  
que descoloran a paisaxe máis bela  
de todas as especies do mundo

Temos que agochar ese segredo  
para deixar que a soidade conviva entre nós

Temos que mollar os pés durmidos na Foz  
para imprimir nas nosas plantas  
as engurras que o mar sementa na Ladeira  
e apañar do Lourido o derradeiro raio de Sol

Temos que permitir que as nosas barcas  
beban coas súas espadas no Miñor durmido  
de Vincios ata as Estelas  
de Silleiro ata o Portiño

## SOLPOR

Estou aquí  
no miradoiro de Monteferro.  
O sol é tenue  
acariñame sen quentura.  
Son un vagalume belido á espera da noite de verán.  
Pecho os ollos.  
Abaixo o mar.  
Nobelos de auga destemidos.  
Abro os ollos.  
Non estás.